


FAproximación á **coroa circular**


“Horseshoe Bend”: curva de ferradura.
Río Colorado. Arizona - USA



A coroa circular fórmase cando a un círculo lle quitamos outro interior co mesmo centro ca el.
-concéntricos-

Moitas perforadoras industriais utilizan unha coroa circular de diamante.

Nos cables de alta tensión adoita producirse o **efecto coroa**: as moléculas do aire que rodea o cable ionízanse e os electróns circulan tamén por elas, quecendo e avermellando ata azularse.

**H****Circunferencia e diámetro**

A relación (cociente) entre a lonxitude dunha circunferencia e o seu diámetro é o enigmático número $\pi = 3'141\ 592\ 653\ 598\ 793\ 238\ 462 \dots$

A Biblia xa falaba del:

No Templo de Salomón, rei dos xudeus, fundiron un disco de prata de dez *cotobelos* de diámetro e 31'125 de perímetro (ao redor).

Isto dá para “pi” un valor aproximado de 3'125.

As referencias históricas son continuas en todas as civilizacións:

No S. II, na China, dábanlle o valor do lado dun cadrado de área 10. Isto equivalía a $\pi \approx \sqrt{10} = 3'1622\dots$

No S. V, na India, calculaban con 3'1416.

Na Europa do XVIII o cálculo de π abórdase a través de **series numéricas**, que actualmente desenvólvense con ordenadores, chegándose a coñecer billóns! de decimais.

